

DEZ DEDOS NAS MANS E DEZ DEDAS NOS PÉS

Texto de MEM FOX

Ilustracións de HELEN OXENBURY

Tradución de CHEMA HERAS

Encadernado en cartonné. 27,5 x 23,5 cm. 40 páx. 15 €.

Dez dedos nas mans e dez dedas nos pés (galego)
ISBN 978-84-8464-382-1. Tras os montes.

Diez deditos (castelán)
ISBN 978-84-8464-383-8. Clásicos contemporáneos.

Deu ditets (catalán)
ISBN 978-84-16804-46-7. Clàssics contemporanis.

Hamar hatz ttipl eta hamar behatz ttipl (éuscaro)
ISBN 978-84-9172-036-2. Gaur egungo klasikoak.


Dez dedos nas mãos e dez dedos nos pés (portugués)
ISBN 978-989-749-100-9. Clásicos contemporáneos.

*Houbo un bebé que naceu
nun lugar cerca dun río.
E outro durmía no colo
entre arrols e aloumiños.
E os dous bebés tiñan,
como ben se pode ver,
dez dedos nas mans
e dez dedas nos pés...*

“Dez dedos nas mans e dez dedas nos pés” é un tenro álbum ilustrado para pre-lectores e primeiros lectores que, a partir dun sinxelo texto rimado, estrutura repetitiva e fórmula acumulativa, amosa varios bebés nados en distintos lugares do mundo, destacando o que teñen en común: dez dedos e dez dedas. O ton rítmico do texto favorece a lectura en voz alta e a participación dos destinatarios.

Dende un lonxano recuncho entre montañas ao hospital máis próximo, dende o ártico ao deserto, dende unha cidade á fraga, en calquera continente e hemisferio, as nenas e os nenos que protagonizan este relato de Mem Fox son unha mostra da diversidade humana en termos de etnias e culturas. Tamén son exemplo da inocencia, da igualdade, da espontaneidade, da tolerancia e da convivencia en harmonía que practicamos na nenez, sen as barreiras nin os prexuízos sociais que se van interpoñendo entre as persoas segundo avanzan á idade adulta.

As ilustracións figurativas de Helen Oxenbury destacan pola expresividade dos rostros e polo dinamismo nos corpos dos meniños, interactuando entre eles: os sorrisos e os xestos de curiosidade súmanse aos xogos e ás apertas, interpelando constantemente os lectores con olladas cómplices mentres amosan os dedos e as dedas. Tampouco falta a figura materna nestas páxinas cheas de dozura e de amor.



- **Temática:** a diversidade humana a través de bebés nados en distintos lugares do mundo.
- **Idade recomendada:** pre-lectores, primeiros lectores.
- **Aspectos destacables:** rima, estrutura repetitiva e acumulativa; igualdade, diversidade; ilustracións figurativas e expresivas; da ilustradora de “Imos cazar un oso” (Kalandraka).

Mem Fox

(Melbourne, Australia, 1946)

Medrou en Zimbabue, onde os seus pais eran misioneiros. Estudou Arte Dramática en Inglaterra e regresou en 1970 ao seu país natal, onde está considerada unha das escritoras de máis éxito. É autora de numerosas obras para público infantil e adulto, moitas delas traducidas en varios países. Durante case 25 anos foi profesora asociada de Estudos Literarios na Facultade de Educación da Universidade de Flinders. Recibiu diversos premios e doutoramentos honoríficos.
<http://memfox.com>

Helen Oxenbury

(Ipswich, Reino Unido, 1938)

Estudou na Escola de Arte de Ipswich e na Escola Central de Arte e Deseño de Londres, onde coñeceu o seu marido, o autor e ilustrador John Burningham. Traballou como deseñadora e escenógrafa en compañías de teatro, na cadea de televisión ABC e nos estudos cinematográficos Shepperton. Dende 1967 desenvolveu unha importante carreira como autora e ilustradora de libros infantís. Vendéronse millóns de exemplares das súas obras en todo o mundo. Recibiu en dúas ocasións a Medalla Kate Greenaway e o Premio Kurt Maschler, e ata tres veces o Premio Smarties Book, ademais do recoñecemento da Asociación Británica de Bibliotecarios.



www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com